b	<p>B3.3. A interdependencia e a cooperación. A interdependencia positiva e a participación equitativa. As condutas solidarias. A aceptación incondicional do outro. A resolución de problemas en colaboración. Compensación de carencias dos e das demais. A disposición de apertura cara ao outro, compartir puntos de vista e sentimentos.</p> <p>B3.4. Estruturas e técnicas da aprendizaxe cooperativa.</p>	B3.2. Traballar en equipo favorecendo a interdependencia positiva e amosando condutas solidarias.	VSCB3.2.1. Amosa boa disposición a ofrecer e recibir axuda para a aprendizaxe.	Permite a recepción da axuda na aprendizaxe.	CAA CSIEE CSC
			VSCB3.2.2. Respecta as regras durante o traballo en equipo.	Recoñece a importancia de respectar as regras en traballos grupais.	CSC
a	<p>B3.5. Elaboración de normas de convivencia da aula e do centro positivas, facilitadoras e asumidas polo grupo e pola comunidade. Valoración da necesidade de normas compartidas que regulan a convivencia frutífera no ámbito social.</p>	B3.3. Implicarse na elaboración e no respecto das normas da comunidade educativa, empregando o sistema de valores persoal que constrúe a partir dos valores universais.	VSCB3.3.1. Coñece e enumera as normas da aula.	Coñece e enumera as normas da aula.	CCL CSC
			VSCB3.3.2. Pon en práctica procesos de razoamento sinxelos para valorar se determinadas condutas son acordes coas normas de convivencia escolares.	Recoñece se as condutas son ou non acordes ás normas de convivencia.	CSC CSIEE
			VSCB3.3.3 Participa na elaboración das normas da aula.	Participa na elaboración das normas da aula.	CCL CSC CSIEE
			VSCB3.3.4. Respecta as normas do centro escolar.	Respecta as normas do centro escolar.	CSC

c	B3.6. A resolución de conflitos. A linguaxe positiva na comunicación de pensamentos, intencións e posicionamentos persoais.	B3.4. Participar activamente na vida cívica de forma pacífica e democrática transformando o conflito en oportunidade e usando a linguaxe positiva na comunicación de pensamentos, intencións e posicionamentos persoais.	VSCB3.4.1. Resolve problemas persoais da vida escolar mantendo unha independencia adecuada á súa idade.	Resolve problemas con axuda de adultos ou iguais.	CSC CSIEE
			VSCB3.4.2. escoita as razóns das persoas coas que entra en conflito, compréndelas, na medida das súas posibilidades e exponas oralmente.	Escoita activamente ás restantes partes dos conflitos.	CCL CSIEE CSC
			VSCB3.4.3. Identifica as emocións e os sentimentos das partes en conflito.	Identifica as emocións e os sentimentos das partes en conflito.	CSC CSIEE
			VSCB3.4.4. Explica conflitos, causas e as súas posibles solucións, tendo en conta os sentimentos básicos das partes.	Entende ás partes inmersas nos conflitos.	CSC CCL
a	B3.7. Os dereitos e deberes. A declaración dos Dereitos do Neno: alimentación, vivenda e xogo. Igualdade de dereitos dos nenos e nenas no xogo e no emprego dos xoguetes.	B3.5. Analizar, en relación coa experiencia de vida persoal, a necesidade de preservar os dereitos á alimentación, á vivenda e ao xogo de todos os nenos e nenas do mundo.	VSCB3.5.1. Representa plasticamente a necesidade da alimentación, a vivenda e o xogo para os nenos e as nenas.	Recoñece o dereito a alimentación, vivenda e xogo como dereitos dos nenos/as.	CSC CCAC
			VSCB3.5.2. Explica as consecuencias para os nenos e para as nenas dunha mala alimentación, a falta de vivenda digna e a imposibilidade de xogar.	Explica as consecuencias da ausencia dos dereitos do neno/a.	CSC CCL CSIEE
			VSCB3.5.3. Respecta a igualdade de dereitos dos nenos e das nenas no xogo e no emprego dos xoguetes.	Respecta a igualdade nos tempos de lecer na aula e no centro.	CSC

d m	B3.8. As diferenzas de sexo como un elemento enriquecedor. Análise das medidas que contribúen a un equilibrio de xénero e a unha auténtica igualdade de oportunidades. Valoración da igualdade de dereitos de homes e de mulleres na familia e no mundo laboral e social.	B3.6. Participar activamente na vida cívica valorando a igualdade de dereitos e corresponsabilidade entre homes e mulleres.	VSCB3.6.1. Colabora con persoas do outro sexo en diferentes situación escolares.	Colabora en igualdade na aula.	CSC CCL
			VSCB3.6.2. Realiza diferentes tipos de actividades independentemente do seu sexo.	Elixo actividades por gustos e non polo seu sexo.	CSC CSIEE
c k	B3.9. Hábitos de prevención de enfermidades e accidentes no ámbito escolar e doméstico. B3.10. Actitudes e estratexias de promoción de formas de vida saudable e de calidade.	B3.7. Tomar medidas preventivas, valorando a importancia de previr accidentes domésticos.	VSCB3.7.1. Valora a importancia do coidado do corpo e a saúde e de previr accidentes domésticos.	Pon en práctica estratexias para previr accidentes na aula.	CSIEE
			VSCB3.7.2. Razona as repercusións de determinadas condutas de risco sobre a saúde e a calidade de vida.	Razona a repercusión sobre condutas de risco sobre a calidade de vida.	CCL CSIEE
			VSCB3.7.3. Expresa as medidas preventivas dos accidentes domésticos mais frecuentes.	Coñece medidas preventivas dos accidentes domésticos mais frecuentes.	CCL CSC

4.7.2. PERFIL DA ÁREA DE VALORES SOCIAIS E CÍVICOS.

OBX.	CONT.	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	MÍNIMOS ESIXIBLES	PONDER. (%)	AVALIACIÓN						CCC
						Trimestre			Técnicas	Instrumentos		
						1	2	3				
BLOQUE 1. A IDENTIDADE E A DIGNIDADE DA PERSOA												
m	B1.1.	B1.1.	VSCB1.1.1.	Describe os seus estados de ánimo.	1.93 %	X	X	X	Observación.	Ficha seguimento do alumno/a.	CSC CCL	
a m	B1.2. B1.3.	B1.2.	VSCB1.2.1.	Positiviza as emocións.	1.92 %	X	X	X	Observación.	Ficha seguimento do alumno/a.	CSC CSIEE	
			VSCB1.2.2.	Motívase ante o traballo.	1.92 %	X	X	X	Observación.	Lista de control.	CSIEE CAA	
			VSCB1.2.3.	Identifica as emocións propias e alleas.	1.92 %	X	X	X	Observación.	Ficha seguimento do alumno/a.	CCL CSIEE	
			VSCB1.2.4.	Recoñece os seus dereitos e os dos demais.	1.92 %	X	X	X	Observación.	Ficha seguimento do alumno/a..	CCL CSC	
b	B1.4.	B1.3.	VSCB1.3.1.	É responsable.	1.92 %	X	X	X	Observación.	Lista de control.	CSC CSIEE	
			VSCB1.3.2.	Autoavalíase con coherencia.	1.92 %	X	X	X	Análise do traballo.	Cartafol do alumno/a.	CSC CAA	
b m	B1.5.	B1.4.	VSCB1.4.1.	Escolle vías adecuadas para resolver as situacións propostas.	3.75 %		X	X	Observación.	Rúbrica.	CSC CSIEE	
			VSCB1.4.2.	Colabora activamente nos grupos.	1.92 %	X	X	X	Observación.	Lista de control.	CSC CSIEE	
a c	B1.6.	B1.5.	VSCB1.5.1.	É activo no centro.	1.93 %	X	X	X	Observación.	Ficha seguimento do alumno/a.	CSIEE CSC	

			VSCB1.5.2.	Expón problemas de convivencia.	3.75 %		X	X	Observación.	Ficha seguimento do alumno/a.	CSC CCL
BLOQUE 2: A COMPRENSIÓN E O RESPECTO NAS RELACIÓNS INTERPERSOAIS											
m	B2.1.	B2.1.	VSCB2.1.1.	Identifica os seus sentimentos.	1.92 %	X	X	X	Observación.	Ficha seguimento do alumno/a.	CCL CSC CSIEE
			VSCB2.1.2.	Concorda linguaxe verbal e non verbal.	1.92 %	X	X	X	Observación.	Lista de control.	CAA CSIEE
			VSCB2.1.3.	Comunica emocións con amabilidade.	1.92 %	X	X	X	Análise do traballo.	Actividades puntuais.	CCL CSC
m e	B2.2.	B2.2.	VSCB2.2.1.	Expón argumentos razoables.	3.75 %		X	X	Observación.	Lista de control.	CCL CSC
c m	B2.3.	B2.3.	VSCB2.3.1.	Emprega habilidades sociais.	1.93 %	X	X	X	Observación.	Ficha seguimento do alumno/a.	CSC
a	B2.4.	B2.4.	VSCB2.4.1.	Identifica diferentes formas de actuar.	3.75 %		X	X	Observación.	Rúbrica.	CSC CSIEE
	B2.5.		VSC2.4.2.	Apoia aos compañeiros/as.	1.92 %	X	X	X	Observación.	Ficha seguimento do alumno/a.	CSC CSIEE
c m	B2.6.	B2.5.	VSCB2.5.1.	Forma parte activa das dinámicas do grupo.	1.92 %	X	X	X	Observación.	Lista de control.	CSC CSIEE
			VSCB2.5.2.	Establece relacións emocionais baseadas no afecto e na confianza.	3.75 %		X	X	Observación.	Ficha seguimento do alumno/a.	CSC CSIEE
BLOQUE 3: A CONVIVENCIA E OS VALORES SOCIAIS											
b m	B3.1.	B3.1.	VSCB3.1.1.	Confía no profesorado.	1.92 %	X	X	X	Observación.	Ficha seguimento do alumno/a.	CSC CSIEE
	B3.2.		VSCB3.1.2.	Presenta actitude aberta ante ás propostas da aula.	1.92 %	X	X	X	Observación.	Ficha seguimento do alumno/a.	CSC CSIEE
b	B3.3.	B3.2.	VSCB3.2.1.	Permite a recepción da axuda na aprendizaxe.	1.92 %	X	X	X	Observación.	Lista de control.	CAA CSIEE CSC
	B3.4.		VSCB3.2.2.	Recoñece a importancia de respectar as regras en traballos grupais.	1.92 %	X	X	X	Observación.	Lista de control.	CSC
a	B3.5.	B3.3.	VSCB3.3.1.	Coñece e enumera as normas da aula.	3.34 %	X			Análise do traballo.	Actividades puntuais.	CCL CSC
			VSCB3.3.2.	Recoñece se as condutas	1.92 %	X	X	X	Observación.	Lista de control.	CSC

				son ou non acordes ás normas de convivencia.							CSIEE
			VSCB3.3.3.	Participa na elaboración das normas da aula	3.34 %	X			Análise do traballo.	Actividades puntuais.	CCL CSC CSIEE
			VSCB3.3.4.	Respecta as normas do centro escolar.	1.93 %	X	X	X	Observación.	Ficha seguimento do alumno/a.	CSC
c	B3.6.	B3.4.	VSCB3.4.1.	Resolve problemas con axuda de adultos ou iguais.	1.92 %	X	X	X	Observación.	Ficha seguimento do alumno/a.	CSC CSIEE
			VSCB3.4.2.	Escoita activamente ás restantes partes dos conflitos.	1.92 %	X	X	X	Observación.	Lista de control.	CCL CSIEE CSC
			VSCB3.4.3.	Identifica as emocións e os sentimentos das partes en conflito.	3.75 %		X	X	Observación.	Lista de control.	CSC CSIEE
			VSCB3.4.4.	Entende ás partes inmersas nos conflitos.	3.75 %		X	X	Observación.	Lista de control.	CSC CCL
a	B3.7.	B3.5.	VSCB3.5.1.	Recoñece o dereito a alimentación, vivenda e xogo como dereitos dos nenos/as.	3.34 %	X			Análise do traballo.	Actividades puntuais.	CSC CCAC
			VSCB3.5.2.	Explica as consecuencias da ausencia dos dereitos do neno/a.	3.34 %	X			Análise do traballo.	Actividades puntuais.	CSC CCL CSIEE
			VSCB3.5.3.	Respecta a igualdade nos tempos de lecer na aula e no centro.	1.92 %	X	X	X	Observación.	Ficha seguimento do alumno/a.	CSC
d m	B3.8.	B3.6.	VSCB3.6.1.	Colabora en igualdade na aula.	1.92 %	X	X	X	Observación.	Lista de control.	CSC CCL
			VSCB3.6.2.	Elixo actividades por gustos e non polo seu sexo.	1.92 %	X	X	X	Observación.	Ficha seguimento do alumno/a.	CSC CSIEE
c k	B3.9. B3.10.	B3.7.	VSCB3.7.1.	Pon en práctica estratexias para previr accidentes na aula.	3.75 %		X	X	Observación.	Ficha seguimento do alumno/a.	CSIEE
			VSCB3.7.2.	Razona a repercusión sobre condutas de risco sobre a calidade de vida.	3.34 %			X	Análise do traballo.	Actividades puntuais.	CCL CSIEE
			VSCB3.7.3.	Coñece medidas preventivas dos accidentes domésticos mais frecuentes.	3.34 %			X	Análise do traballo.	Actividades puntuais.	CCL CSC

4.7.3. PROCEDIMENTOS PARA A AVLIACIÓN DA ÁREA DE VALORES SOCIAIS E CÍVICOS.

Os mínimos esixibles da área están ponderados en base a tres grupos, na orde do seguinte:

GRUPO DE MÍNIMOS ESIXIBLES A ACADAR PARA SUPERAR A ÁREA.	AVALIACIÓN NAS QUE SE TRABALLAN.	PORCENTAXE ASIGNADO AO GRUPO DE MÍNIMOS QUE SE TRABALLAN EN DITAS AVALIACIÓN.	PESO DE CADA MÍNIMO NO CÓMPUTO GLOBAL DA ÁREA.
GRUPO A	3 avaliacións	50 %	1.92 %
GRUPO B	2 avaliacións	30 %	3.75 %
GRUPO C	1 avaliación	20 %	3.34 %

Polo tanto, para superar a área de Valores Sociais e Cívicos de 2º de Educación Primaria será necesario ter acadada, polo menos, un 50% de entre os estándares que conforman os grupos, tal e como pode observarse na táboa inmediatamente superior.

5. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS DAS MATERIAS.

En liñas xerais, para o desenvolvemento dos piares metodolóxicos que a continuación se sinalan, tivéronse en conta as recomendacións establecidas no Decreto 105/2014 para a metodoloxía e o seu anexo, onde se refire a cada unha das áreas a impartir no curso.

- **Lectura como constante:** Búscase que o alumnado asuma o feito de ler como unha necesidade que xurde en calquera situación polo que se empregan textos informativos, lúdicos, instrucións e tamén textos para crear (tal e como se indica no artigo 15 do Decreto 105/2014 respecto aos principios metodolóxicos). Para o fomento da lectura se creou unha biblioteca de aula en colaboración coa biblioteca do centro e tamén en coordinación con esta se van a promover diferentes actividades ao longo do curso como a mochila viaxeira, os itinerarios lectores ou a biblioteca do corredor.
- **Autorregulación das aprendizaxes** por parte do alumnado: Cando xa teñan afianzada a dinámica de aula, se fomentará que midan o seu propio proceso de EA.
- **Busca da participación activa e dinámica** tendo en conta as diferentes habilidades, destrezas, actitudes, conceptos e intereses presentes entre os membros do grupo-clase: Organización por parellas e pequenos grupos para a realización de tarefas de representación de diálogos ou pequenas propostas que xurdan durante o curso seguindo as normas, mantendo a seguridade do alumnado en relación a situación Covid e respetando o grupo burbulla.
- **As TIC:** como recurso de apoio da aprendizaxe e como base para a autoxestión da mesma.
- **Integración dos valores:** como un referente de aula necesarios para a boa convivencia e o día a día.

- **Alternancia nas formas de traballo** entre gran grupo (o conxunto do grupo clase), pequenos grupos ou tarefas individuais: respectando os diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe do alumnado.

A metodoloxía será flexible e globalizadora, partirá das experiencias do alumnado para posteriormente transcender a outros contextos e será personalizada, inclusiva e activa para que o alumnado poida chegar a construír as súas propias aprendizaxes.

5.1. METODOLOXÍA NO CASO DE ACTIVIDAD LECTIVA NON PRESENCIAL.

En caso de confinamento de toda a aula ou de alumnado concreto, o ensino a distancia buscará seguir traballando na mesma liña para minimizar os cambios que se produzan, respectando as características individuais e os distintos ritmos de aprendizaxe de cada neno/a e tendo en conta os medios técnicos que cada familia ten a súa disposición.

Se empregará unha metodoloxía flexible, aberta e activa na que o alumnado sexa o centro do proceso de ensino-aprendizaxe e se procurará que as tarefas sexan o mais motivadoras posibles, mantendo os hábitos e a autonomía adquirida ao longo do curso.

As actividades serán fundamentalmente en formato papel: libros de texto (dado que son funxibles), fichas seleccionadas, exercicios no caderno, producións literarias, lecturas... co fin de chegar a todo o alumnado e non excluír a aquelas familias que carezan de medios técnicos ou acceso aos diferentes soportes dixitais. Tamén existirán actividades en formato dixital que terán carácter voluntario (vídeos, imaxes, xogos interactivos...) e actividades complementarias propostas polas coordinacións do centro (Biblioteca e Normalización) que implican a participación das familias.

As tarefas realizaranse de forma individual e serán comunicadas ao alumnado e as familias a través da Páxina Web do colexio, a aplicación Abalar Móbil, a Aula Virtual da clase, o correo electrónico ou o teléfono. A entrega e a corrección das actividades poderá ser por correo electrónico ou a través da Aula Virtual. De maneira excepcional e na medida do posible facilitaranse outras alternativas a aquelas familias que lles sexa imposible acceder a estos medios por falta de recursos ou ben porque as aprendizaxes a adquirir precisen dun tratamento diferenciado.

Existirá unha comunicación e interacción continua e constante entre a titora e as familias (mediante a Aula Virtual, o teléfono, Abalar móbil ou o correo electrónico) para facer un seguimento da situación de cada alumno/a e solventar as dúbidas que poidan ir xurdindo. É importante destacar o papel das familias nestas idades ao ser o alumnado de curta idade e ter pouca autonomía respecto as ferramentas dixitais.

6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.

Os materiais e recursos didácticos axudarán a desenvolver os contidos traballados polo que deben ser variados, atractivos, manipulativos e significativos.

- **MATERIAIS:**

- Libros de texto de Matemáticas, Ciencias da Natureza e Ciencias Sociais (Proxecto Zoom). Ed. Vicens Vives.
- Libro de texto de Lingua Galega (Aula Activa). Ed. Vicens Vives.
- Caderno de traballo pauta Montessory.
- Material Bibliográfico diverso de ampliación, reforzo, control e avaliación de todas as áreas.
- Dicionarios, periódicos e outros materiais impresos e fotocopiados.
- Mapas e murais.
- Materiais de carácter funxible: cartolinas e papeis variados.
- Biblioteca de aula e de corredor con recursos obtidos da biblioteca do centro e aportacións das familias.
- Lousa convencional e proxector en lousa dixital.
- Ordenador de aula e da aula de informática.
- CDs coas audicións correspondentes á área de Lingua Inglesa.

- **RECURSOS DIDÁCTICOS:**

- Recursos escolares: regretas, reloxo, billetes e moedas, ábacos, abecedarios en madeira, figuras xeométricas, cintas métricas, balanzas, xarras...
- Recursos TIC: Power Points, Internet, programas informáticos...
- Xogos educativos: xogos simbólicos, de construcións, lingüísticos, bloques lóxicos, tangrams, dominós variados e materiais para traballar a motricidade como plastilina e útiles para xogar con ela...
- Recursos humanos: unha titora, unha mestra de Educación Primaria que impartirá as áreas de Ciencias Sociais e Ciencias da Natureza, especialistas en Ed. Física, Música e Relixión e o departamento de orientación (o orientador, un mestre de Pedagogía Terapéutica e unha mestra de Audición e Linguaxe).

6.1. MATERIAIS E RECURSOS NO CASO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL.

No caso de acontecer un confinamento total ou parcial, se procurará que o alumnado poida continuar dende as súas casas o traballo iniciado nas aulas mediante os libros de texto, o material impreso ou o caderno de traballo.

As TIC serán fundamentais para a interacción coas familias e tamén para o desenvolvemento de algunhas actividades voluntarias. Botarase man de todos os materiais e recursos que Internet ofrezca, tanto recursos interactivos como xogos e fichas como recursos da rede (buscadores, páxinas web, blogs, actividades para imprimir...).

7. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.

Para medir a adecuación do proceso de ensino e a práctica docente se utilizarán os seguintes indicadores para poder analizar os aspectos a mellorar:

1. PLANIFICACIÓN DO TRABALLO DOCENTE:

Como mestre/a:	SI	NON
Realizo unha planificación das miñas clases.		
Consulto a normativa vixente para ter presentes os programas de cada área.		
Consulto materiais para actualizar os contidos e novos enfoques de ensinanza.		
Realizo os axustes necesarios do currículo para atender á diversidade do alumnado.		
Realizo os axustes necesarios na organización para atender á diversidade do alumnado.		
Manteño un contacto periódico coa familia e fomento a implicación destas no traballo do alumnado.		

No plan de clase establezo :	SI	NON
O que ensinar, os exercicios, actividades e tarefas a realizar e as formas de participación.		
A orde e os momentos nos que se levarán a cabo cada unha das "actividades" e o traballo na aula.		
Os recursos a empregar.		
Estratexias e momentos de avaliación das aprendizaxes (rexistros, probas, observacións, etc)		

2. APROVEITAMENTO DO TEMPO E OS RECURSOS MATERIAIS PARA O DESENVOLVEMENTO DAS CLASES:

Ao desenvolver as miñas clases utilizo:	SI	NON
Distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.		
O tempo nas actividades segundo o estimado ou planeado.		
A meirande parte do tempo nunha ensinanza activa e participativa.		
Exercicios e actividades variadas que reforcen ou amplíen os distintos ritmos de aprendizaxe e atendan á diversidade.		
Material informativo visual para favorecer a adquisición de coñecementos.		
As TICs para reforzar e ampliar coñecementos.		
Xogos e recursos didácticos para motivar e reforzar as aprendizaxes dentro da aula.		

3. ESTRATEXAS E ACTIVIDADES PARA PROMOVER APRENDIZAXES SIGNIFICATIVOS:

Ao desenvolver as miñas clases:	SI	NON
Como norma xeral, fago explicacións xerais para todo o alumnado.		
Dou instrucións completas para que os alumnos realicen o traballo (materiais, recursos, forma de organizarse e tempo de que dispoñen).		
Comprobo que o nivel de dificultade é adecuado ás características do alumnado.		
Verifico que os alumnos comprendan o que teñen que facer.		
Ofrezco a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.		
Apoio individualmete, na medida do posible, ós alumnos/as con dificultades á hora de realizar as actividades pola súa conta.		
Combino o traballo individual e en equipo.		

Promovo o traballo en grupo entre o alumnado para que interactúen e se axuden entre sí.		
Potencio estratexias de animación á lectura.		
Promovo que os meus alumnos/as realicen actividades nas que desenvolvan a creatividade e a orixinalidade.		
Promovo cos meus alumnos/as participen por iniciativa propia.		
Promovo que os meus alumnos/as expresen as súas ideas e opinión comparándoas e respectado ás dos demais.		

4. ESTRATEXIAS E ACCIÓNS PARA AVALIAR ÓS ALUMNOS/AS:

Para avaliar ós meus alumnos/as:	SI	NON
Elaboro probas da avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE.		
Emprego instrumentos variados de avaliación.		
Emprego instrumentos variados de avaliación oral (entrevistas, escalas de observación directa e indirecta...)		
Elaboro rexistros que me axuden a identificar os avances e progresos.		
Promovo actividades de autoavaliación .		

Para asignar as calificacións dos meus alumnos segundo as porcentaxes establecidas:	SI	NON
Teño en conta os resultados das probas.		
Considero os rexistros dos exercicios.		
Utilizo os rexistros da participación oral.		
Considero á observación do traballo na aula.		
Mido o grao de consecución das actividades.		

5. USO DOS RESULTADOS DA AVALIACIÓN:

Utilizo os resultados da avaliación para:	SI	NON
Propoñer actividades de retroalimentación.		
Identificar necesidades de apoio do alumnado.		
Axustar o meu traballo docente na planificación das clases segundo os resultados obtidos en cada unidade.		
Informar ó alumnado dos avances e progresos.		
Analizar co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección de probas, traballos... e os seus acertos e erros.		

6. CLIMA DA AULA:

Como mestre/mestra:	SI	NON
Trato a todos os meus alumnos/as equitativamente segundo as súas características sen ter favoritismos.		
Animo e motivo ó alumnado para que traballen e participen en todas as actividades.		
Promovo que se resolvan a tempo as situacións conflitivas que se presentan.		
Manteño a calma ante situacións conflitivas.		
Promovo que na clase exista un ambiente de compañeirismo e respecto entre o alumnado.		
Preocúpome por coñecer os intereses gustos e necesidades do meu alumnado.		

8. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS A ADOPTAR EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS.

Nas primeiras semanas do curso o alumnado realizará probas de avaliación inicial para medir a competencia en comunicación lingüística e en competencia matemática.

Estas avaliacións teñen como obxectivo valorar o estado dos coñecementos dos alumnos/as para poder determinar o seu punto de partida nas novas aprendizaxes de cada área, favorecer o proceso de ensino – aprendizaxe, facilitar as decisións curriculares nas programacións de aula e averiguar os intereses e expectativas dos nenos e nenas. Non se pretende coñecer tódolos aspectos que se poden avaliar na área, senón solo aqueles que sexan máis relevantes, co fin de ter unha idea rápida e global desde onde debemos partir.

9. AVALIACIÓN.

A avaliación permite recoller, en cada momento, a información necesaria para poder realizar xuízos de valor oportunos que faciliten a toma de decisións respecto ao proceso de ensino-aprendizaxe.

A avaliación do alumnado debe ser continua, sistemática e global, extendéndose ao longo de todo o proceso educativo e tendo en conta, dacordo á normativa vixente no referido á avaliación, como referentes para a mesma os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe avaliáveis.

A recollida sistemática de información sobre o traballo diario dos alumnos/as informará obxectivamente do progreso dos estudantes utilizando como instrumentos de avaliación a observación directa, as rúbricas vinculadas ós estándares de aprendizaxe ou a outros criterios e a análise das diferentes tarefas e actividades. Polo tanto se valorará a capacidade lectora, as actividades individuais e grupais, as exposicións tanto orais como escritas, a presentación dos traballos, a continuidade nas tarefas, o coidado do material, o caderno da clase e as probas orais e escritas. Ademais se valorará a participación na aula, o interese e a motivación, o esforzo e a atención e o axeitado comportamento do alumno/a mediante unha actitude colaborativa e o cumprimento das normas tanto na aula como no centro.

Os resultados da avaliación do alumnado expresarase nos termos que a continuación se detallan:

IN	(Insuficiente)	1, 2, 3 ou 4 puntos.
SU	(Suficiente)	5 puntos.
B	(Ben)	6 puntos.
NT	(Notable)	7 ou 8 puntos.
SB	(Sobresaliente)	9 ou 10 puntos.

E os criterios de cualificación serán os seguintes:

	LINGUA	GALEGO	MATEMÁTICAS	CIENCIAS DA NATUREZA	CIENCIAS SOCIAIS	PLÁSTICA	VALORES SOCIAIS E CÍVICOS.
ACTITUDE (PARTICIPACIÓN, INTERÉS, ESFORZO E NORMAS).	20 %	20 %	20 %	20 %	20 %	40 %	60 %
PROBAS ORAIS E ESCRITAS	30 %	30 %	30 %	30 %	30 %		
TRABALLO DIARIO (ACTIVIDADES, FICHAS, TRABALLOS, CADERNO).	40 %	40 %	50 %	50 %	50 %	30 %	40 %
LECTURA	10 %	10 %					
ANÁLISE DE PRODUCIÓNS						30 %	
TOTAL	100 %	100 %	100 %	100 %	100 %	100 %	100%

Para proceder á cualificación de cada avaliación se terá en conta toda a información recollida cós distintos instrumentos de avaliación, establecendo unha media ponderada de todas elas (redondeada á centésima máis próxima e, en caso de equidistancia, á superior) e considerando como cualificación negativa o Insuficiente e positiva as restantes.

Non será necesario recuperar as probas non superadas (agás en casos excepcionais, na que se repetirán ditas probas) xa que o proceso de avaliación é continuo e está constituído por instrumentos variados. Cando se detecte que o progreso dun alumno/a non é o axeitado, tomaranse medidas inmediatas de reforzo educativo e atención personalizada.

Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso e tan pronto como se detecten as dificultades para garantir a adquisición das competencias imprescindibles para continuar o proceso educativo.

Para que o alumnado obteña unha cualificación positiva nunha área deberá alcanzar como mínimo o 50 % de cada un dos mínimos da materia e promocionará se os resultados das tres avaliacións son positivos. A nota final da área será a media aritmética das cualificacións das tres avaliacións.

Se nalgunha das avaliacións ten unha cualificación negativa, se adoitarán as medidas de apoio e reforzo educativo mais axeitadas e se realizarán as adaptacións organizativas e curriculares que o alumno/a precise, permitindo axustar as tarefas, mellorar a coordinación docente e establecer mecanismos que logren un proceso de ensino e aprendizaxe adaptado á realidade do neno/a.

9.1. A AVALIACIÓN NO CASO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL.

Procurarase que o alumnado perciba os menores cambios posibles, polo que se intentará continuar co traballo das aulas utilizando principalmente os libros de texto dado que son funxibles, o material impreso e o caderno de traballo.

A cualificación se realizará mediante unha análise, unha revisión e unha valoración de comprensión lectoras e de tarefas entregadas tales como actividades individuais, exposicións ou presentación de traballos e do interese e o esforzo mostrado durante este período.

A avaliación será a través da realización e entrega de tarefas (actividades individuais, comprensión lectoras, exposicións, presentación dos traballos e o interese e o esforzo mostrado durante ese período) na aula virtual ou a través do medio que estableza a titora e as familias, de acordo coas circunstancias persoais de cada alumno ou alumna.

Lembrar a importancia da colaboración das familias (dada a escasa autonomía do alumnado debido a súa curta idade), fundamental para o manexo das TIC e para garantir e continuar o proceso de ensino-aprendizaxe.

10. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

Se considera a atención á diversidade como o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características, necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais do noso alumnado.

O departamento de orientación será o encargado de xestionar e coordinar as accións que se leven a cabo.

Estas accións estableceranse en tres niveis:

- 1º - **Prevención.**
- 2º - **Detección** de alumnado con necesidades educativas específicas:
 - Dificultades específicas de aprendizaxe.
 - Condicións persoais ou familiares desfavorables.
 - Altas capacidades intelectuais.
 - Dificultades por ingreso tardío no sistema educativo.
- 3º- **Atención** ao alumnado con necesidades educativas específicas.

Estas tarefas quedan especificadas dentro do Plan de Acción Titorial e do Plan de Convivencia, así como nos Plans de Apoio dos mestres especialistas en Audición e Linguaxe (AL) e Pedagogía Terapéutica (PT).

A atención ao alumnado que presenta necesidades educativas específicas rexerase polos principios de inclusión e normalidade e abranguerá a todos os alumnos que por un período da súa escolarización ou ao longo de toda ela requira determinados apoios ou atención educativa específica.

Estas medidas poden ser:

- ✓ Medidas ordinarias: Todas as que faciliten a adecuación do currículo, sen alteración significativa dos seus obxectivos, contidos e criterios de avaliación, ao contexto sociocultural dos centros educativos e ás características do alumnado. Estas medidas teñen como finalidade dar

resposta ás diferencias en competencia curricular, motivación, interese, relación social, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe, e están destinadas a facilitar a consecución dos obxectivos e competencias establecidas para o nivel.

Potenciaranse metodoloxías baseadas no traballo colaborativo de grupos heteroxéneos, titoría entre iguais e aprendizaxe por proxectos.

- ✓ Medidas extraordinarias: Son todas aquelas dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidade específica de apoio educativo que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supoñer cambios esenciais no ámbito organizativo, así como nos elementos de acceso ao currículo. Aplicaranse unha vez esgotadas as de carácter ordinario ou se estas resultan insuficientes.

Estas medidas de apoio poderán levarse a cabo dentro do grupo, fóra do grupo ou mediante un agrupamento flexible.

- **A nivel de aula:**

Terán carácter ordinario e afectarán a programación de aula que será adaptada en función das características do alumnado.

- Adaptacións de acceso ao currículo: Modificacións que se realizan nos recursos formais, materiais, persoais ou de comunicación e que van facilitar que algúns alumnos/as con necesidades educativas poidan desenvolver o currículo ordinario ou, no seu caso, o currículo adaptado.

Adaptacións nos elementos persoais.	- Organizar estruturas de tipo colaborativo fronte a estruturas de tipo competitivo.
	- Fomentar a participación de todos os alumnos no grupo e axudar a mellorar a súa autoestima.
	- Manter xuntanzas periódicas entre titores e mestres de apoio.
	- Aproveitar as actividades en gran grupo para mellorar o clima e a relación dos alumnos dentro da aula.
	- Aproveitar as situacións espontáneas para afianzar as relacións cos alumnos/as.
	- Colaboración do profesorado de apoio na elaboración da programación de aula e planificación conxunta das sesións de traballo.

Adaptacións espaciais.	- Mellorar as condicións de acceso físico, iluminación e sonorización co fin de favorecer a mobilidade e a autonomía dos nenos e nenas.
	- Buscar unha distribución adecuada dos espazos para compensar as dificultades de determinados alumnos.
	- Indicar correctamente a ubicación dos materiais da clase.
Adaptacións materiais.	- Adaptar os materiais de uso común e dispoñer de instrumentos específicos que salven as dificultades: mobiliario, equipamentos específicos, materiais didácticos...
Adaptacións na comunicación.	- Contar con sistemas alternativos de comunicación oral ou escrita (SPC), ou sistemas complementarios de comunicación para aqueles alumnos/as que poidan necesitalo.
Organización do tempo.	- Confeccionar un horario de aula tendo en conta os momentos de apoio.
	- Equilibrar a distribución do tempo en relación a actividades de gran grupo, pequeno grupo e traballo individual a fin de favorecer a incorporación dos apoios á dinámica da aula.

- Adaptacións propiamente curriculares: Modificacións que se realizan desde a programación en canto a obxectivos, contidos, metodoloxía, actividades e criterios e procedementos de avaliación a fin de atender ás diferenzas individuais.

Adaptacións posibles na avaliación.	- Adecuar os modos de avaliación ás nee de cada alumno e alumna.
	- Detectar cales son as ideas previas do alumnado antes de iniciar un novo tema.
	- Avaliar o contexto da aula: práctica do profesor, aspectos interactivos e aspectos ambientais e organizativos.
	- Utilizar procedementos e instrumentos de avaliación variados e diversos.
	- Diseñar actividades de ensinanza- aprendizaxe que avalían os progresos dos alumnos e alumnas.
	- Avaliar aos estudantes en situacións estruturadas e non estruturadas dentro e fóra da aula, así como a súa situación socio familiar.
Adaptacións posibles na metodoloxía.	- Utilizar diferentes estratexias para conseguir un mesmo obxectivo.
	- Priorizar o uso de técnicas que favorezan a experiencia directa, a reflexión e a expresión.
	- Potenciar a utilización de técnicas de traballo colaborativo.
	- Utilizar estratexias que motiven e esperten o interese dos alumnos/as cara novos aprendizaxes.
	- Utilizar recursos variados que sexan adecuados para todos o alumnado da aula.
Adaptacións nos obxectivos e contidos.	- Introducción de obxectivos e contidos na programación de aula.
	- Priorización de obxectivos e contidos na programación en función das necesidades dos nenos e nenas.
	- Secuenciación diferente de acordo as características específicas do alumnado.

- **A nivel do alumno/a:**

Tendo en conta as diferentes características ou dificultades que poden presentar os rapaces e rapazas, o centro terá que realizar as adaptacións curriculares precisas para facilitar a todo o alumnado a consecución dos fins establecidos.

Unha vez tomadas todas as medidas posibles pola titora ou os/as docentes correspondientes para resolver as dificultades do alumnado, non sen consiga adecuar os niveis curriculares á programación de aula e se observe ademais un gran desfase entre o alumno/a e o resto de compañeiros/as da clase, se debe solicitar ao Departamento de Orientación a exploración do neno/a. Tras a valoración, si se considera que se trata dun estudante con necesidades educativas específicas de apoio educativo, realizaranse as adaptacións curriculares significativas correspondentes por parte da profesora-titora en colaboración cos profesores especialistas de apoio e o Departamento de Orientación.

- Reforzo educativo: Determinados alumnos/as nalgún momento da súa escolaridade poden precisar esta medida. Estas funcións son claramente responsabilidade da profesora-titora na aula e consistirían en complementar, consolidar e enriquecer a acción educativa ordinaria. Polo tanto, como primeira medida ante algunhas dificultades temporais, estaría a organización de actividades de reforzo individuais ou colectivas, preferentemente en relación coas áreas instrumentais (Lengua e Matemáticas).
- Apoios: Modalidade de atención á diversidade de máis entidade que o reforzo, onde se implican outros profesionais como profesores con disponibilidad horaria para este fin ou profesorado de Pedagogía Terapéutica con alumnado máis específico tras unha avaliación por parte do Departamento de Orientación e a autorización e o consentimento dos pais. Estas medidas consisten fundamentalmente en mellorar a base dun área ou recuperar fundamentos dunha materia específica (trastornos específicos na lecto-escritura, na comprensión lectora ou na resolución de problemas, cálculos matemáticos...).

Os criterios xerais de actuación serán:

- As medidas de atención a diversidade tenderán sempre a lograr o maior grado posible de inclusión no grupo de referencia.
- Todos os niveis educativos contarán, dentro do horario, con horas de apoio do profesorado especialista así como de outros profesorado con dispoñibilidade horaria. A distribución destes apoios estará en función das necesidades de cada grupo e coordinaranse dende o departamento de orientación.
- Os apoios e reforzos de cada materia faranse dentro do horario establecido para a mesma.
- Os apoios ou reforzos dentro ou fora do grupo, tanto a cargo dos titores como especialistas tenderán a seguir o currículo ordinario na maior medida posible.
- Estableceranse os apoios en función da avaliación das necesidades individuais ou grupais realizada dende o departamento e en colaboración có equipo docente.
- A organización dos apoios e reforzos terá sempre carácter flexible a fin de adaptar a resposta as necesidades de xeito efectivo.
- As actuacións previstas nos Plans de Apoio serán trasladadas a xefatura de estudos para a súa aprobación e inclusión na estrutura organizativa do centro.
- Comunicarase ás familias tanto ás actuacións previstas como o seguimento das mesmas, procurando a súa implicación no proceso.
- No caso de alumnado con adaptación curricular significativa seguirase o establecido na mesma con carácter individual.

O Departamento de orientación asesorará en cada caso ás familias para acadar o maior grado posible de colaboración e coordinará se é necesario actuacións cos servizos de atención externa: servizos sociais, gabinetes psicolóxicos, asociacións, equipo de orientación específico, servizos sanitarios...

Fixaranse as sesións de coordinación necesarias, entre o equipo docente e o de orientación, para facer o seguimento dos distintos programas e realizar as adaptacións oportunas co fin de cubrir o mellor posible as necesidades do noso alumnado.

O ano pasado unha **alumna** con dislalias acudía a unha sesión semanal coa mestra de Audición e Linguaxe. Desde o inicio do presente curso levouse a cabo un seguimento e unha valoración de esta rapaza e a mediados do mes de outubro se acordou que, dada a súa boa evolución, xa non era necesario que continuara asistindo a ditas sesións.

Respecto a outra **alumna** da aula con necesidades específicas de apoio educativo, dado que mostra dificultades na aprendizaxe (especialmente na área de Matemáticas), o profesor de Pedagogía Terapéutica (PT) asiste a unha sesión dentro da aula con esta alumna. O horario se adaptou para que coincidira esta axuda coa materia de Matemáticas. Ademais se desenvolverán as seguintes medidas individualizadas, específicas e centradas en adaptacións metodolóxicas:

- Máxima atención individualizada posible, animándoa a preguntar cando teña algunha dúbida.
- Ubicación nun lugar onde manteña contacto ocular continuo cos mestres e mestras e lle permita contemplar toda a aula.
- Aportación de explicacións adicionais (sempre que o solicite) e utilización dun vocabulario axeitado á súa idade.
- Comprobación de que a alumna entendeu as actividades ou tarefas.
- Incremento no tempo de realización de tarefas se o precisase.
- Potenciación dos aspectos positivos do seu traballo, destacándoos diante do grupo-clase.

- Organización de estruturas de tipo colaborativo fronte a estruturas de tipo competitivo para mellorar a autoestima da alumna.
- Fomento da súa colaboración e participación activa dentro dun grupo.
- Mellora das relacións có resto dos compañeiros e compañeiras mediante actividades grupais.
- Elaboración de actividades que favorezan a incorporación do profesor de PT na dinámica da aula e avalíen o seu progreso.
- Utilización de varios métodos de aprendizaxe de tipo oral (repaso da materia e resolución de actividades), visual (uso da pantalla dixital e carteis explicativos) e gestual (mímica de cancións ou vocabulario concreto).
- Creación de novos materiais didácticos ou adaptación dos que xa existen para facelos máis manipulativos e visuais (especialmente na área de matemáticas).
- Utilización de recursos variados que ademais sexan adecuados para todos o alumnado da aula.
- Detección das súas ideas previas e do seu punto de partida antes de comezar un novo tema ou unidade didáctica.
- Uso dunha metodoloxía diversa según as necesidades da alumna e o momento máis axeitado (traballos colaborativos, titorías entre iguais, aprendizaxe por proxectos, ubicacións rotatorias, explicacións adicionais para a comprensión das tarefas ou descansos regulares con permisividade en desprazamentos pola aula).
- Utilización de procedementos e instrumentos de avaliación variados e diversos que poderán ser adaptados (exame oral en lugar de exame escrito, actividades individuais por grupais e viceversa, fichas adaptadas na simplicidade dos enunciados...).
- Mantemento de xuntanzas periódicas entre a titora e o mestre de PT para levar un seguimento da evolución da alumna e para adaptar e planificar conxuntamente as sesións de traballo e a programación.

O Departamento de Orientación controlará e dirixirá estas medidas que poderán ser revisadas e modificadas ao longo do curso segundo a evolución da alumna.

11.ACTIVIDADES COMPLEMENTARIASE EXTRAESCOLARES.

A pesar da singularidade deste curso, se levarán a cabo actividades complementarias organizadas pola AMPA do centro. Ademais, se realizará unha saída por trimestre e todas aquelas actividades extraescolares que o claustro considere de interés para o alumnado ao longo do curso escolar (consultar a Programación Xeral Anual do centro). Tanto as actividades complementarias e extraescolares como as saídas se programarán cumprindo todas as medidas de seguridade necesarias establecidas polas autoridades competentes.

12.MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.

Procederáse a un análise e avaliación ao final do curso escolar. Pero dada a súa flexibilidade, poderáse revisar e adaptar en calquera momento en que se precise.

As medidas adoptadas tras a revisión e as posibles modificacións irán en función dos resultados obtidos polo alumnado, das necesidades detectadas, das observacións realizadas por parte do profesorado no relativo ao cadro de reflexión da práctica docente recollido no epígrafe 7 desta programación e dos indicadores de logro da programación non alcanzados.

Indicadores de logro na programación	Escala			
	1	2	3	4
1. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas / temas / proxectos.				
2. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.				
3. Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unha das unidades, temas ou proxectos.				
4. Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.				
5. Asignación a cada estándar do peso correspondente na cualificación.				
6. Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación.				
7. Asociación de cada estándar cos elementos transversais a desenvolver.				
8. Os obxectivos didácticos programados en cada clase son alcanzables ou se axustan ás necesidades e intereses do alumnado.				
9. Adecuación dos contidos aos obxectivos didácticos seleccionados.				
10. O grao de complexidade dos contidos axústanse ás características psicoevolutivas do alumnado.				
11. Os contidos secuenciados e temporalizados seguen unha organización de complexidade crecente.				
12. Os contidos cumpren o principio de globalidade e son integrais.				
13. Adecuación dos materiais didácticos utilizados.				
14. Adecuación do libro de texto (no caso de que se use).				
15. Adecuación da proba de avaliación inicial, elaborada a partir dos estándares.				
16. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc.				

17. Adecuación dos exames, tendo en conta o valor de cada estándar.				
18. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dun exame e/ou dunha avaliación.				
19. Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares.				
20. Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.				
21. Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas.				
22. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos.				
23. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre os criterios de promoción.				
24. Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.				
25. Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.				
26. Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia.				

Observacións: